


MANUAL DE FUNCIONAMIENTO

rede>coruña>emprega



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	5
2. NATUREZA E ALCANCE	7
2.1. Natureza.....	7
2.2. Alcance	9
3. OBXECTIVOS	11
3.1 Xeral	11
3.2 Específicos	11
3.3 Estratéxico.....	11
4. ESTRUTURA ORGANIZATIVA	13
4.1 Constitución da Rede Coruña Emprega e sinatura do Pacto Local.....	13
4.2 Estrutura organizativa	13
5. FUNCIONAMENTO	19
5.1 Mecanismos de reunión e coordinación	19
5.2 Dereitos e Obrigas das Entidades participantes no Pacto Local.....	25
5.3 Adhesión de outras entidades.....	25
5.4 Baixa de entidades.....	26
5.5 Extinción, separación e exclusión.....	26
5.6 Vixencia	27
5.7 Mesa Institucional e resolución de conflitos	27
6. ATRIBUCIÓN DAS ENTIDADES	29
7. DIFUSIÓN E ACTUALIZACIÓN.....	31
7.1 Difusión	31
7.2 Actualización.....	32
ANEXOS.....	33
ANEXO 1. Documento de adhesión á Rede Coruña Emprega.....	33
ANEXO 2. Documento de solicitude de baixa da Rede Coruña Emprega.....	35
ANEXO 3. Programa de Acción.....	37

1. INTRODUCCIÓN

A actual situación de dificultades económicas e financeiras, que implica un aumento importante na perda de postos de traballo, demanda unha intervención específica dos poderes públicos cara ao impulso de actuacións que reforcen os sectores produtivos e promovan un maior desenvolvemento do territorio e das políticas activas de emprego.

O Proxecto **Rede Coruña Emprega** xorde como un compromiso do Concello para o fomento do emprego das persoas con maiores dificultades de incorporación ao mercado laboral. Trátase dunha aposta da Administración Local por crear postos de traballo e mobilizar todos os recursos posibles para traballar polo emprego de forma coordinada, solidaria e eficaz.


Esta iniciativa foi promovida polo **Servizo de Promoción Económica, Emprego, Comercio, Consumo e Turismo do Concello da Coruña**, para deseñar e implantar estratexias dirixidas á creación de emprego estable e de calidade.

O Proxecto **Rede Coruña Emprega** está enmarcado na convocatoria 2007 para a concesión das axudas do Fondo Social Europeo durante o período de intervención 2007-2013¹, conforme ás orientacións establecidas polo Ministerio de Administracións Públicas, hoxe Ministerio de Política Territorial.

O Proxecto **Rede Coruña Emprega** contempla tres grandes áreas de actuación:

- a. A creación dunha **Rede de apoio ás persoas demandantes de emprego**, destinada ao establecemento dun **Pacto Local polo Emprego**.
- b. O desenvolvemento de **Itinerarios Integrados de Inserción Sociolaboral** dirixidos a mellorar o grao de empregabilidade dos colectivos obxectivo.
- c. A elaboración de **Estudos Técnicos** relacionados coa prospección de necesidades potenciais en materia de formación para o emprego.

¹ Resolución de 7 de Novembro de 2007, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial pola que se que aproban as Bases Reguladoras da Convocatoria 2007 para a concesión das axudas do Fondo Social Europeo durante o período de intervención 2007-2013.



O período de execución das accións previstas no Proxecto abarca o período 2008-2010, o seu ámbito territorial é o termo municipal da Coruña e o orzamento total para a execución é de 2.024.948,55 euros, dacordo co seguinte cadro:

Orzamento elixible:	2.008.238,15 €
<i>F.S.E (80%)</i>	<i>1.606.590,52 €</i>
<i>Concello da Coruña (20%)</i>	<i>401.647,63 €</i>
Custo non elixible:	16.710,40 €
TOTAL ORZAMENTO PROXECTO	2.024.948,55 €

2. NATUREZA E ALCANCE

2.1. Natureza

Esta iniciativa supón o primeiro paso para establecer un **Pacto Local polo Emprego**, instrumento dirixido a promover a participación dos axentes que actúan en favor do emprego e da actividade económica na cidade da Coruña.

Con data de 21 de maio de 2009, as entidades públicas e privadas máis representativas do territorio asinaron a súa adhesión á Rede de Apoio ás persoas demandantes de emprego, ratificando así o seu compromiso de participar no Pacto Local polo Emprego.

A Rede de Apoio adoptou nese momento o nome do proxecto; “**Rede Coruña Emprega**”, quedando configurada polas principais entidades públicas e privadas do ámbito socio-económico da cidade, co obxectivo de establecer un Pacto Local polo Emprego.

A Rede Coruña Emprega está constituída polas seguintes entidades:

Ámbito Municipal	<ul style="list-style-type: none"> ▫ Concellaría de Promoción Económica e Emprego (a través do Servizo Municipal de Emprego)
Ámbito Autonómico	<ul style="list-style-type: none"> ▫ Consellería de Traballo e Benestar. Servizo Público de Emprego
Terceiro sector	<ul style="list-style-type: none"> ▫ Cruz Vermella Española ▫ Cáritas ▫ Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) ▫ Federación de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual de Galicia (FADEMGA) ▫ Fundación Mujeres ▫ Ecodesarrollo Gaia ▫ Ecos do Sur ▫ Equus Zebra
Organizacións representativas das/os traballadoras/es	<ul style="list-style-type: none"> ▫ Comisións Obreiras (CC.OO.) ▫ Confederación Intersindical Galega (C.I.G.) ▫ Unión General de Trabajadores (U.G.T.)

Organizacións representativas do empresariado	<ul style="list-style-type: none">▫ Cámara de Comercio da Coruña▫ Confederación de Empresarios de La Coruña▫ Federación de Empresarias de Galicia▫ Federación de Autónomos de Galicia
Entidades financeiras	<ul style="list-style-type: none">▫ Caixanova▫ Caixa Galicia
Outras entidades vinculadas á formación e ao emprego	<ul style="list-style-type: none">▫ Universidade da Coruña

O **Concello de Coruña**, a través do Servizo Municipal de Emprego, coordina e lidera o Pacto Local polo Emprego. Por outra banda, está contemplada a participación das Concellarías de Igualdade e Participación Cidadá e de Sevizos Sociais en diferentes accións.

A importancia da participación no Pacto Local polo Emprego da **Consellaría de Traballo e Benestar** da Xunta de Galicia baséase na competencia autonómica sobre as políticas activas de emprego.

A implicación da **iniciativa privada**, a participación do **empresariado**, a través das súas organizacións, e das **entidades financeiras** é fundamental para a promoción económica da cidade.

As **entidades do terceiro sector** representan a especialización e a experiencia con persoas de colectivos que teñen máis dificultades para a inserción laboral (inmigrantes, persoas con discapacidade, etnias desfavorecidas, etc.), e no campo da igualdade de oportunidades.

As **entidades sindicais** participan na Rede en canto que organizacións representativas dos traballadores e traballadoras, con experiencia ademais en programas de formación e orientación para o emprego.

Por último, outras entidades vinculadas á formación e ao emprego, como é o caso da **Universidade**, achegan á Rede a súa experiencia nas diferentes áreas de coñecemento e investigación, con especial relevancia na colaboración en estudos relativos á creación de emprego e oportunidades de negocio na cidade.

2.2. Alcance

Este Manual recolle a articulación e o funcionamento da Rede, servindo de documento de referencia e guía para as entidades que a integran. Establece os obxectivos da Rede Coruña Emprega, as entidades que a compoñen, as súas funcións, a estrutura organizativa e os seus mecanismos de funcionamento.

O criterio empregado para establecer a periodicidade das reunións das Mesas e Grupos de Traballo será flexible, establéndose unhas recomendacións para axilizar a participación e a coordinación de todas as entidades da Rede.

Por outra banda, faise referencia ás accións de información e publicidade, así como aos mecanismos de revisión e actualización do Manual, en función das necesidades e modificacións que poidan xurdir.

3. OBXECTIVOS

3.1 Xeral

O obxectivo da creación da Rede Coruña Emprega é consolidar unha metodoloxía de traballo común, que xere:

Confianza entre os axentes participantes, posibilitando a unión de esforzos e o compromiso mutuo materializado no establecemento dun Pacto Local polo Emprego na cidade da Coruña.

Información, cara ao mellor aproveitamento dos recursos e á detección das necesidades das persoas desempregadas.

3.2 Específicos

- > Coordinar e optimizar os recursos de atención e asesoramento para o emprego
- > Facilitar a realización de prácticas formativas non laborais en empresas, como complemento á formación ocupacional
- > Coordinar accións entre as entidades da Rede que finalicen coa inserción laboral das persoas pertencentes a colectivos obxectivo
- > Artellar medidas de conciliación e corresponsabilidade dirixidas a facilitar a inserción laboral das mulleres

3.3 Estratéxico

Promover a cooperación da Administración Local, os axentes sociais e económicos e outras entidades clave no deseño, coordinación e posta en marcha de accións e programas a favor do emprego, axeitados á realidade do territorio.

4. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

4.1 Constitución da Rede Coruña Emprega e sinatura do Pacto Local

A constitución da **Rede Coruña Emprega** ten a súa base na sinatura do Documento de Adhesión que asumiron as entidades, para posteriormente desenvolver o Pacto Local polo Emprego na cidade.

O **Pacto Local polo Emprego**, susténtase nun **Acordo Marco** que recolle os obxectivos perseguidos e os compromisos asumidos polas entidades da Rede.


A vixencia do Pacto Local polo Emprego esténderase dende a data de sinatura ata decembro de 2010.

4.2 Estructura organizativa

O traballo da Rede realizarase nun dobre plano: o institucional e o técnico.

O nivel institucional é o de toma de decisións e coordinación estratéxica e o técnico é o de desenvolvemento das accións.

A Rede Coruña Emprega ten a seguinte estrutura organizativa:



▫ **Mesa Institucional**

- Órgano de dirección e de toma de decisións da Rede
- Está presidida polo Primeiro Tenente de Alcalde e Concelleiro de Promoción Económica, Emprego, Comercio, Consumo e Turismo do Concello da Coruña
- As entidades da Rede forman parte da Mesa Institucional a través da persoa que ostenta a súa representación legal
- O director do proxecto Rede Coruña Emprega, participa na Mesa Institucional en calidade de Director Técnico, e exerce as labores de secretaría

▫ **Mesa Técnica**

- Soporte técnico da Rede e marco de desenvolvemento do Programa de Acción do Pacto Local
- Está integrada polo persoal técnico do proxecto e das entidades da Rede, especializado en materia de formación e emprego
- Para o seu funcionamento configúranse 4 grupos de traballo, en función das diferentes temáticas a abordar: formación, orientación laboral, promoción económica, e boas prácticas, avaliación e sustentabilidade

▫ **Grupos de Traballo**

A continuación recóllense os obxectivos operativos de cada Grupo de Traballo, así como os seus integrantes.

1. Grupo de Trabajo de FORMACIÓN

Obxectivo
<p><i>Coordinar accións de Formación Ocupacional impartidas por diferentes entidades e servizos na cidade da Coruña, así como prácticas profesionais titorizadas en empresas como complemento a dita formación.</i></p> <p><i>Trátase de planificar conxuntamente a Formación Ocupacional e axustala ás necesidades das persoas beneficiarias e do mercado do traballo, co obxectivo de mellorar a eficiencia e a eficacia da oferta formativa.</i></p> <p>Por outra banda, existe unha previsión de accións de formación ocupacional definida no proxecto Rede Coruña Emprega. Estas accións están relacionadas coa especialización do coidado a persoas (maiores, dependentes, menores...), coas enerxías renovables e con outras áreas profesionais.</p> <p>A execución desta formación específica, así como a formación transversal que a complementa <i>-igualdade de oportunidades, coidado e respecto ao medio ambiente, novas tecnoloxías da información e da comunicación e loita contra a exclusión social-</i> impártese polas entidades da Rede en función da súa especialización e experiencia.</p>
Entidades integrantes
<ul style="list-style-type: none">> Cáritas> Confederación Galega de persoas con discapacidade (COGAMI)> Confederación de Empresarios de La Coruña> Consellería de Traballo> Cruz Vermella Española> Ecos do Sur> Equus Zebra> Fundación Mujeres> Federación de Autónomos de Galicia> Federación de empresarias de Galicia> Servizo Municipal de Emprego> Sindicatos (U.G.T., CC.OO., C.I.G.)> Universidade da Coruña

2. Grupo de trabajo de ORIENTACIÓN LABORAL

Objetivo
<p><i>Coordinar accións relacionadas cos servizos de información e orientación laboral ofertados por diferentes entidades da Rede Coruña Emprega.</i></p> <p>A orientación laboral é un dos alicerces fundamentais da inserción laboral, que xunto coa formación e coa práctica profesional titorizada, conforma os itinerarios integrados de inserción, que contribúen a mellorar o grao de empregabilidade das persoas que pertencen a colectivos con especiais dificultades para a súa inserción laboral.</p> <p>As entidades da Rede porán en común as diferentes metodoloxías de traballo, establecendo vías de colaboración e apostando por unha posible especialización.</p>
Entidades integrantes
<ul style="list-style-type: none">> Cáritas> Confederación Galega de persoas con discapacidade (COGAMI)> Confederación de Empresarios de La Coruña> Consellería de Traballo> Cruz Vermella Española> Entidades de axuda á Migración (Ecodesarrollo Gaia, Ecos do Sur, Equus Zebra)> Federación de Autónomos de Galicia> Federación de Asociacións en favor das persoas con discapacidade intelectual de Galicia (FADEMGA)> Fundación Mujeres> Servizo Municipal de Emprego> Sindicatos (U.G.T., CC.OO., C.I.G.)> Universidade da Coruña

3. Grupo de Trabajo de PROMOCIÓN ECONÓMICA

Obxectivo
<p><i>Coordinar accións en canto á promoción da cultura emprendedora, do comercio e do turismo na cidade serán as principais temáticas abordadas neste grupo de traballo, xunto coa incorporación de medidas de conciliación da vida laboral, persoal e familiar no ámbito empresarial.</i></p> <p><i>Definición e avaliación de actuacións para o reforzo dos sectores productivos e do desenvolvemento do territorio.</i></p>
Entidades integrantes
<ul style="list-style-type: none">> <i>Cámara de Comercio</i>> <i>Confederación de Empresarios de La Coruña</i>> <i>Federación de Empresarias de Galicia</i>> <i>Caixa Galicia</i>> <i>Caixanova</i>> <i>Fundación Mujeres</i>> <i>Federación de Autónomos de Galicia</i>> <i>Promoción Económica do Servicio Municipal de Empleo</i>> <i>Servizo Municipal de Empleo</i>> <i>Sindicatos (U.G.T., CC.OO., C.I.G.)</i>> <i>Universidade da Coruña</i>

4. Grupo de Trabajo de BOAS PRÁCTICAS, AVALIACIÓN E SUSTENTABILIDADE

Obxectivo
<p><i>Poñer en valor o traballo desempeñado polas entidades participantes, en canto accións, programas e servizos que foron definidos como boas prácticas polos seus bos resultados, a súa metodoloxía, a súa innovación, etc.</i></p> <p>Levarse a cabo a avaliación da satisfacción das entidades e das accións que se poñan en marcha no marco do Pacto Local, aportando ideas para a súa mellora continua e polo tanto favorecendo a súa sustentabilidade.</p> <p>Asegurarase a incorporación transversal da perspectiva de xénero na planificación das accións desenvolvidas no marco do Pacto Local.</p>
Entidades integrantes
<ul style="list-style-type: none">> <i>Confederación de Empresarios de La Coruña</i>> <i>Ecos do Sur</i>> <i>Federación de Autónomos de Galicia</i>> <i>Fundación Mujeres</i>> <i>Servizo Municipal de Emprego</i>> <i>Sindicatos (U.G.T., CC.OO., C.I.G.)</i>

5. FUNCIONAMENTO

A estratexia de traballo en rede xirará arredor dos seguintes eixes:

- I. A coordinación de accións que melloren as posibilidades de inserción laboral de persoas desempregadas.
- II. A detección e transferencia de boas prácticas relacionadas coa promoción do emprego e a inserción laboral.

5.1 Mecanismos de reunión e coordinación

5.1.1 Mesa Institucional

A Mesa Institucional estará constituída polo Presidente, que é o Tenente de Alcalde e Concelleiro de Promoción Económica, Emprego, Comercio, Consumo e Turismo do Concello da Coruña; a Dirección Técnica da Rede Coruña Emprega; e as persoas que representan institucionalmente ás entidades da Rede.

1. Composición

Presidencia: Convocar as reunións, fixar a orde do día, presidir as sesións que se celebren, subscribir, xunto coa Dirección Técnica, as actas das reunións e as certificacións que se expidan.

Informar do avance do Programa de Acción para levar a cabo o seu seguemento en coordinación cos demais integrantes da Mesa. No caso de ausencia substituirase pola persoa que éste designe.

Dirección Técnica: Prestar asistencia e asesoramento técnico á Presidencia e demais membros da Mesa e realizar as funcións de Secretaría.

Remitir a convocatoria e a orde do día das reunións, levantar acta das mesmas e remitilas aos integrantes da Mesa, custodiar os documentos da Rede, recibir e tramitar as solicitudes de adhesión de novas entidades, asistir ao presidente na fixación da orde do día e dirixir os traballos administrativos da Rede. No caso de ausencia substituirase pola persoa que éste designe.

Representación institucional das entidades da Rede: Expor os puntos de vista das organizacións para o traballo en común. En ausencia destes representantes, as entidades

membro poderán delegar a súa asistencia coa súa voz e voto noutra persoa, previa comunicación por escrito dirixida ao Presidente da Mesa.

2. Competencias da Mesa Institucional

- Aprobación das propostas e medidas remitidas dende a Mesa Técnica e Grupos de Traballo.
- Celebración de reunións ordinarias convocadas a tal efecto polo Presidente da Mesa, cunha periodicidade non superior á semestral
- Celebración de reunións extraordinarias por causa motivada.
- Adopción do acordo relativo á solicitude de inclusión de novos membros na Rede según o procedemento previsto no punto 6.3 deste Manual (*Adhesión de novas entidades á Rede*).
- Adopción do acordo relativo á solicitude de baixa, separación e/ou exclusión dos membros da Rede según procedemento previsto no punto 6.4 y 6.5 deste Manual (*Baixa das Entidades. Extinción, separación e exclusión*).

3. Funcionamento

Quórum.- A Mesa Institucional quedará válidamente constituída, sempre que estean presentes a metade máis un dos membros, ademais da Presidencia e da Dirección Técnica.

Convocatoria e orde do día.- A Mesa Institucional poderá celebrar reunións ordinarias e extraordinarias. O Servizo Municipal de Emprego facilitará as instalacións axeitadas para tal fin.

A Mesa Institucional da Rede celebrará reunións ordinarias cunha periodicidade semestral. Tamén poderá celebrar reunións de carácter extraordinario a petición da Presidencia ou dun número de membros superior a 1/3 dos membros. Neste último caso, na solicitude de convocatoria deberá xustificarse dun xeito motivado a súa necesidade, e indicaranse os asuntos que conformen a orde do día.

A convocatoria e a orde do día fixada polo Presidente, serán remitidas aos membros da Mesa, cunha antelación mínima de seis (6) días hábiles, a excepción das extraordinarias, en cuxo caso a convocatoria será válida sempre que se remita cun mínimo de antelación de dous (2) días hábiles.

Na orde do día farase constar separadamente a data, hora, lugar de celebración, e asuntos a tratar; tendo en conta que o primeiro asunto será a aprobación da acta da

reunión anterior. Ademais, nas reunións ordinarias a orde do día incluírá un apartado específico para rogos e preguntas.

Desenvolvemento das reunións.- Estas reunións terán carácter resolutivo, en tanto lle corresponde á Mesa Institucional a toma de decisións da Rede; e de coordinación, co obxectivo de poñer en común o avance das accións desenvolvidas por cada un dos Grupos de Traballo.

Para os acordos ou toma de decisións optárase polo consenso entre os membros da Mesa. No caso de non acadalo, a proposta someterase a votación, sendo aprobada polo sistema de maioría simple (a metade máis un) das entidades presentes ou representadas. En caso de empate, o Presidente ou quen faga as súas veces, terá voto de calidade.

Así mesmo, calquera membro participante na reunión terá a posibilidade de facer chegar as súas reflexións e suxestións á Dirección Técnica, coa suficiente antelación á celebración da seguinte sesión.

Levantamento de acta.- De todas as reunións da Mesa Institucional redactarase a correspondente acta, na que será preceptivo consignar, lugar, data e hora de celebración; nome e apelidos das persoas asistentes, con indicación dos cargos que ostentan e das entidades que representan; temas tratados, conclusións e acordos acadados para darlles seguemento.

Unha vez confeccionada a acta, e asinada polo Presidente e Director Técnico, remitírase unha copia a tódolos integrantes da Mesa, para o seu exame, e no seu caso, aprobación na seguinte reunión.

5.1.2 Mesa Técnica

A Mesa Técnica terá como obxectivo poñer en común as accións desenvolvidas nos 4 Grupos de Traballo: Formación; Orientación Laboral, Promoción Económica e Boas Prácticas, Avaliación e Sustentabilidade.

A Mesa Técnica estará constituída pola dirección do proxecto Rede Coruña Emprega (RCE) e o seu equipo, por persoal técnico do Servizo Municipal de Emprego (SME) e das entidades da Rede.

1. Composición.

Coordinación da Mesa: cargo que recae no Director do proxecto Rede Coruña Emprega. Convoca as reunións, fixa a orde do día, coordina as sesións que se celebren. No caso de ausencia substituirase pola persoa que éste designe.

Equipo Técnico RCE: dinamiza o desenvolvemento das reunións da Mesa, levanta acta e asiste á Coordinación na fixación da orde do día.

Persoal técnico do S.M.E. e das entidades da Rede: expón os puntos de vista das organizacións para o traballo en común. En ausencia destes representantes, as entidades membro poderán delegar a súa asistencia coa súa voz e voto noutra persoa, previa comunicación á Coordinación.

2. Competencias.

- Posta en común dos acordos adoptados na Mesa Institucional.
- Posta en común das accións desenvolvidas por cada un dos Grupos de Traballo.
- Debate de propostas para posible estudo nos Grupos de Traballo.
- Celebración de reunións ordinarias convocadas a tal efecto pola Coordinación da Mesa, cunha periodicidade non superior á semestral
- Celebración de reunións extraordinarias por causa motivada.

3. Funcionamiento

Quórum.- A Mesa Técnica quedará válidamente constituída, sempre que estean presentes a metade máis un dos membros.

Convocatoria e orden do día.- A Mesa Técnica poderá celebrar reunións ordinarias e extraordinarias. O Servizo Municipal de Emprego facilitará as instalacións axeitadas para tal fin.

Celebraranse reunións ordinarias cunha periodicidade non superior á semestral.

Poderanse celebrar reunións de carácter extraordinario a petición da Coordinación da Mesa ou dun número de membros superior a 1/3 dos participantes. Na solicitude de convocatoria deberá xustificarse dun xeito motivado a súa necesidade, e indicarse os asuntos que se pretende que conformen a orde do día.

A convocatoria e a orde do día fixada pola Coordinación, será remitida aos membros da Mesa, cunha antelación mínima de seis (6) días hábiles, a excepción das extraordinarias de carácter urgente, en cuxo caso a convocatoria será válida sempre que se remita cun mínimo de antelación de dous (2) días hábiles.

Na orde do día farase constar separadamente a data, hora, lugar de celebración, e asuntos a tratar; tendo en conta que o primeiro será sempre a aprobación da acta da reunión anterior. Ademais, nas reunións ordinarias a orde do día incluírá un apartado específico para rogos e preguntas.

Desenvolvemento das reunións.- As reunións da Mesa Técnica terán un carácter de posta en común e seguemento dos acordos aprobados na Mesa Institucional así como das accións implementadas polos Grupos de Traballo, co propósito de velar polo cumprimento das actuacións previstas no Programa de Acción.

Levantamento de acta.- De tódas as reunións da Mesa Técnica redactarase a correspondente acta, na que será preceptivo consignar, lugar, data e hora de celebración; nome e apelidos das persoas asistentes, con indicación das entidades que representan; temas tratados, e as conclusións e acordos acadados para darlles seguemento.

Unha vez confeccionada a acta, remitirase unha copia a tódolos integrantes da Mesa, para o seu exame, e no seu caso, aprobación na seguinte reunión.

A Mesa Técnica tamén poderá debatir propostas que de acordarse por consenso serán enviadas aos Grupos de Traballo para o seu posible estudo e desenvolvemento.

Así mesmo, calquera membro participante na reunión terá a posibilidade de facer chegar as súas reflexións e suxestións á Coordinación da Mesa, coa suficiente antelación á celebración da seguinte sesión, asegurando deste xeito a participación constante ao longo de todo o proceso.

5.1.3 Grupos de traballo

As accións desenvolveranse a través de 4 Grupos de Traballo: Grupo de Formación; Orientación Laboral; Promoción Económica e Boas Prácticas, Avaliación e Sustentabilidade.

Cada Grupo de Traballo está formado por unha Coordinación, Persoal Técnico do proxecto Rede Coruña Emprega, persoal técnico do SME e das entidades da Rede.

Nos Grupos de Trabajo farase unha labor de deseño e desenvolvemento de actuacións e medidas dirixidas ao cumprimento dos obxectivos recollidos no Programa de Acción. As propostas dos Grupos de Trabajo someteranse ao acordo da Mesa Institucional.

1. Composición dos Grupos de Trabajo

Coordinación dos grupos: recae no Equipo do Proxecto Rede Coruña Emprega. Convoca as reunións, fixar a orde do día, coordinar as sesións que se celebren. A súa misión principal é fomentar a participación das persoas asistentes, orientar as súas achegas e realizar un seguemento do impacto e a validez das accións implementadas

Equipo Técnico RCE: dinamizar o desenvolvemento das reunións da Mesa, levantar acta e asistir á Coordinación na fixación da orde do día.

Persoal técnico das entidades da Rede e do SME: cada entidade da Rede designa como mínimo a un técnico ou técnica que a representa nos Grupos de Trabajo nos que participa.

2. Competencias dos Grupos de Trabajo

- Elaboración, debate e desenvolvemento técnico de propostas que se someterán ao acordo da Mesa Institucional
- Celebración de reunións ordinarias cunha periodicidade non superior á trimestral
- Celebración de reunión extraordinaria por causa motivada

3. Funcionamiento

Quórum.- Os Grupos de Trabajo quedarán validamente constituídos, sempre que estean presentes a metade máis un dos membros.

Convocatoria e orden do día.- Os Grupos de Trabajo poderán celebrar reunións ordinarias e extraordinarias. O Servizo Municipal de Emprego facilitará as instalacións axeitadas para tal fin.

Celebraranse reunións ordinarias cunha periodicidade non superior á trimestral.

Tamén poderán celebrar reunións de carácter extraordinario a petición da Coordinación ou dun número de membros superior a 1/3 dos participantes. Neste último caso, na solicitude de convocatoria deberá xustificarse dun xeito motivado a súa necesidade, e indicaranse os asuntos que se pretende que conformen a orde do día.

A convocatoria e a orde do día fixada pola Coordinación do Grupo de Traballo, serán remitidas aos membros da Mesa, cunha antelación mínima de seis (6) días hábiles, a excepción das extraordinarias de carácter urgente, en cuxo caso a convocatoria será válida sempre que se remita cun mínimo de antelación de dous (2) días hábiles.

Na orde do día farase constar separadamente a data, hora, lugar de celebración, e asuntos a tratar; tendo en conta que o primeiro asunto será a aprobación da acta da reunión anterior. Ademais, nas reunións ordinarias a orde do día incluirá un apartado específico para rogos e preguntas.

Levantamento de acta.- De todas as reunións dos Grupos de Traballo redactarase a correspondente acta, na que será preceptivo consignar, lugar, data e hora de celebración; nome e apelidos das persoas asistentes, con indicación das entidades que representan; temas tratados, e as conclusións e acordos acadados para darlles seguemento.

Unha vez confeccionada a acta, remitirase unha copia a tódolos integrantes do Grupo, para o seu exame e, no seu caso, aprobación na seguinte sesión.

5.2 Dereitos e Obrigas das Entidades participantes no Pacto Local

- > Tomar parte e/ou executar as accións que se contemplan no Acordo Marco do Pacto Local polo Emprego
- > Recibir información, de xeito periódico, sobre o desenvolvemento das actividades da Rede
- > Participar na Mesa Institucional con voz e voto
- > Participar na Mesa Técnica e nos Grupos de Traballo que dela se derivan
- > Realizar suxestións e propostas nas Mesas Institucional e Técnica, para o correcto cumprimento dos fins do Pacto
- > Todos os demais dereitos establecidos no documento de Adhesión á Rede e no Acordo Marco de constitución do Pacto Local polo Emprego
- > Cumprir os acordos de colaboración establecidos
- > Desempeñar, no seu caso, as obrigas inherentes ao cargo que ocupen
- > Actuar a prol dos fins e intereses da Rede Coruña Emprega e favorecer a súa sustentabilidade

5.3 Adhesión de outras entidades

A Rede pretende ser un espazo aberto ás achegas baseadas no intercambio metodolóxico e técnico, así como á transferencia de boas prácticas, polo que as partes poderán acordar a incorporación de novos membros en calquera fase do Proxecto.

A Mesa Institucional decidirá sobre a adhesión á Rede das entidades que así o soliciten e estean relacionadas co obxecto e finalidade do Pacto Local polo Emprego. Neste suposto, deberase xustificar o motivo da súa inclusión, sempre que a entidade a adherirse repercuta nunha mellora das condicións do Proxecto. Para isto será necesaria a sinatura dos documentos de Adhesión e Acordo Marco, o que implica a aceptación de tódolos compromisos e actividades que se van realizar no Pacto Local.

A adhesión dunha nova entidade só terá validez tras a comunicación e aceptación por parte da Dirección Xeral de Cooperación Local do Ministerio de Política Territorial, e deberá contemplar as actividades e traballos a desenvolver, así como o seu financiamento de ser o caso.

5.4 Baixa de entidades

A entidade pertencente á Rede que desexe causar baixa antes de que remate a vixencia do Pacto Local, deberá subscribir o correspondente documento de baixa mediante escrito dirixido ao Presidente da Rede Coruña Emprega, que en todo caso contemplará a vixencia das accións, traballo e demais compromisos que nese momento estean operativos, e que será obxecto de acordo por parte da Mesa Institucional.

A solicitude de baixa non eximirá á entidade membro de satisfacer as obrigas que teña pendentes coa Rede.

5.5 Extinción, separación e exclusión

O Pacto Local extinguirase polo transcurso do tempo convindo. Ademais, a Mesa Institucional da Rede poderá acordar a súa extinción polas causas seguintes:

- > Causas que imposibiliten o correcto desenvolvemento das accións e actividades previstas
- > Mutuo acordo entre as entidades da Rede; decisión que se tomará asegurando a execución completa das accións que se atopen iniciadas

As entidades poderán ser separadas ou excluídas do Pacto Local, no caso de incumprimento das súas obrigas. Esta decisión, que deberá ser motivada, será obxecto de acordo por parte da Mesa Institucional.

5.6 Vixencia

A vixencia deste Pacto esténdese dende a data da sinatura ata o 31 de decembro de 2010.

A posible renovación da vixencia do Pacto Local polo Emprego da cidade da Coruña decidirase na Mesa Institucional.

5.7 Mesa Institucional e resolución de conflitos

As partes acordan que todo litixio, discrepancia, cuestión ou reclamación resultantes da execución ou interpretación do Acordo Marco ou relacionados con el, directa ou indirectamente, someteranse á deliberación da Mesa Institucional.

6. ATRIBUCIÓN DAS ENTIDADES

As entidades da Rede teñen atribuído un Plan de Traballo individual no que se recolle o conxunto de accións que van desenvolver no marco do Pacto Local polo Emprego. Estas accións executaranse conforme ás indicacións establecidas no Programa de Acción e no Acordo Marco do Pacto Local polo Emprego, tendo en conta o recollido no presente Manual de Funcionamento.

Os Plans de Traballo están suxeitos ás modificacións que se poidan producir no desenvolvemento do proxecto.

Cada entidade da Rede ten unha función específica, definida atendendo á súa especialización e experiencia en diferentes áreas das políticas activas de emprego: formación ocupacional, orientación laboral, promoción económica, intermediación laboral, traballo con colectivos con especiais dificultades para a inserción laboral, etc.

Todas as entidades participan, a través da súa representación legal, nas reunións das Mesas e dos diferentes Grupos de Traballo, co persoal especializado que designen.

Entre as accións que se desenvolverán a través do Pacto Local polo Emprego están:

- Coordinar e reordenar a formación ocupacional na cidade.
- Planificar conxuntamente prácticas profesionais tutorizadas en empresas.
- Coordinar accións relacionadas cos servizos de información e orientación laboral ofertados por diferentes entidades da Rede Coruña Emprega.
- Coordinar accións de promoción da cultura emprendedora, comercio e turismo.
- Derivar beneficiarias e beneficiarios aos Itinerarios Integrados de Inserción Sociolaboral do proxecto Rede Coruña Emprega.
- Impartir formación específica ocupacional.
- Xestionar módulos de práctica profesional tutorizada en empresas con compromiso de contratación.
- Xestionar bolsas por asistencia ás accións dos Itinerarios Integrados de Inserción.
- Ceder instalacións para o desenvolvemento de accións puntuais da Rede.
- Participar nos Estudos Técnicos que se desenvolvan.
- Dinamizar a extranet do proxecto e participar nas accións conxuntas de visibilidade e publicidade.
- Promover actuacións dirixidas a fomentar a sustentabilidade da Rede.

As entidades que executan accións con dotación orzamentaria deberán achegar ao proxecto Rede Coruña Emprega toda a documentación para a correcta xustificación do gasto, dacordo ao previsto nas *Instrucións para a Aplicación e Desenvolvemento das Bases Regulatoras da Convocatoria 2007 de Axudas do Fondo Social Europeo 2007-2013*. Así mesmo, cinguiranse ao establecido na lexislación correspondente e nos procedementos de xustificación do proxecto Rede Coruña Emprega.

7. DIFUSIÓN E ACTUALIZACIÓN

7.1 Difusión

O Pacto Local polo Emprego nace con **vocación de permanencia** e está baseado no traballo coordinado, a mellora continua, a promoción da súa sustentabilidade e a avaliación das accións e resultados.

A estratexia de difusión conxunta pretende poñer en valor o papel que desempeñan as diferentes entidades a favor da creación, mantemento e mellora da calidade do emprego.

As accións de difusión da Rede están dirixidas polo Servizo Municipal de Emprego do Concello da Coruña, en coordinación co resto de entidades que participan no Pacto Local polo Emprego.

A divulgación das actividades pretende cumprir dous obxectivos fundamentais:

- > Garantir a transparencia da execución do proxecto informando á opinión pública sobre o papel que desempeña o Fondo Social Europeo e as entidades da Rede Coruña Emprega en favor da mellora do emprego.
- > Crear as condicións axeitadas para dar a coñecer os obxectivos e resultados do Pacto Local polo Emprego.

Por outra banda, a difusión pretende servir para reafirmar o compromiso das entidades cun proxecto común e fomentar o intercambio e a comunicación permanente entre elas.

Todas as accións de información, difusión e publicidade aplicarán as disposicións relativas contidas nos regulamentos (CE) 1083/2006 y (CE) 1828/2006, ademais das instrucións que o Concello da Coruña emita, sobre a imaxe do proxecto, e o uso e combinación dos logotipos das diferentes entidades integrantes do Pacto.

As accións dirixidas tanto á opinión pública como ás persoas beneficiarias do proxecto, deberán indicar sempre a participación da Unión Europea, a través do Fondo Social Europeo, na súa cofinanciación, ademais do nome e anagrama do Concello da Coruña.

7.2 Actualización

A actualización do Manual de Funcionamento da Rede realizarase en función da detección de novas necesidades ou da adopción de medidas de mellora que se propoñan nas reunións das Mesas.

Este Manual enténdese como un documento “vivo”, e polo tanto, suxeito a revisións para adaptalo ás demandas internas e externas. A súa modificación realizarase unha vez estudada e consensuada a viabilidade de introducir as melloras.

A actualización debe realizarse coa periodicidade necesaria para atender aos cambios suxeridos, intentando concentrar, na medida do posible, as necesidades expostas e ofrecendo solucións consensuadas.

ANEXOS

ANEXO 1. Documento de adhesión á Rede Coruña Emprega

- I. A actual situación de dificultades económicas e financeiras, que implica un aumento importante na perda de postos de traballo, demanda unha actuación específica dos poderes públicos cara ao impulso de actuacións que reforcen os sectores produtivos, promovan un maior desenvolvemento do territorio e de políticas activas de emprego de xeito que melloren a empregabilidade na cidade da Coruña.
- II. A aplicación das políticas activas de emprego segue as Directrices Europeas de Emprego elaboradas co fin de lograr unha estratexia de acción común, para a creación de postos de traballo a nivel local, desde a perspectiva de que é no ámbito local onde se atopan as maiores posibilidades de detección e aproveitamento de accións en beneficio do emprego.
- III. O Concello da Coruña, asumindo o papel de promotor de emprego, pretende desenvolver unha rede de traballo formulada como unha estratexia clave para a consecución de obxectivos de organización e mellora das políticas activas de emprego na cidade.
- IV. Trátase dun instrumento de desenvolvemento local e de creación de postos de traballo, que pretende mobilizar todos os recursos dispoñibles na cidade para conseguir unha maior coordinación das medidas a favor do emprego.
- V. A Rede supón a creación dun novo marco de cooperación entre os distintos axentes locais a favor do emprego.
- VI. A Rede Coruña Emprega facilita a dispoñibilidade da administración local, autonómica e Estatal para conseguir un equilibrio nos intereses e a converxencia de criterios entre as distintas entidades para a promoción do emprego na cidade.
- VII. A Rede de apoio ao emprego traballará por un modelo máis participativo e descentralizado de desenvolvemento das políticas activas de emprego na cidade da Coruña.
- VIII. Este traballo en Rede defínese como unha estratexia común, de traballo, que xira arredor de catro grandes eixes de actuación:
 - a. Detección e transferencia de boas prácticas de promoción do emprego e da inserción laboral das entidades implicadas.
 - b. Desenvolvemento de accións coordinadas que melloren as posibilidades de inserción laboral de persoas desempregadas.
 - c. Deseño dunha estratexia de difusión conxunta que poña en valor o papel que desempeñan as diferentes entidades a favor da creación, mantemento e mellora da calidade do emprego.

- d. Sustentabilidade e mellora continua. O Pacto nace con vocación de permanencia. As pezas clave do seu éxito son a avaliación das accións e resultados, a promoción da súa sustentabilidade, o traballo coordinado e a mellora continua.
- IX. Coa sinatura deste Documento de Adhesión, as Institucións, Entidades e Organizacións pasan a ser membros da Rede Coruña Emprega, que se constitúe para traballar de forma conxunta contra o desemprego, a exclusión social e a desigualdade.

Esta declaración de principios compartida polas Institucións, Entidades e Organizacións da Rede supón ademais que asumen o compromiso de participar no Pacto Local polo Emprego na cidade da Coruña.

CONCELLO DA CORUÑA

ENTIDADE

Asdo.:

Asdo.:

ANEXO 2. Documento de solicitude de baixa da Rede Coruña Emprega

DATOS DO INTERESADO

Nome e Apelidos ou Razón social:		
C.I.F.:		
Dirección:		
Poboación:	Provincia:	C.P.:
Teléfono:	Fax:	Email:
Representante legal:	Nome:	D.N.I.:
	Domicilio:	

EXPÓN

Que concorren as circunstancias seguintes: _____

SOLICITA

Por medio do presente escrito, SOLICITO A BAIXA VOLUNTARIA COMO ENTIDADE INTEGRANTE DA REDE CORUÑA EMPREGA NO CONCELLO DA CORUÑA.

COMPROMISOS ASUMIDOS

A continuación preséntase unha relación das accións, traballos e demais **compromisos vixentes contraídos e operativos no momento actual**:

Denominación	Descrición	Período de execución

E para que conste aos efectos oportunos, expídese o presente en _____, a ____ de _____ de 2010.

VºBº O PRESIDENTE

VºBº O DIRECTOR TÉCNICO

Asdo.:

Asdo.:

ANEXO 3. Programa de Acción

O Programa de Acción a executar no marco do Pacto Local polo Emprego preséntase nun formato de fichas que se clasifican en función das diferentes temáticas dos Grupos de traballo: Formación, Orientación Laboral, Promoción Económica e Boas Prácticas, Avaliación e Sustentabilidade. A súa finalidade é definir a execución de cada unha das accións en canto ao establecemento de obxectivos, público ao que van dirixidas, entidades participantes, contidos, metodoloxía, indicadores, orzamento e previsión temporal.

O desenvolvemento de **Estudos Técnicos** relativos á prospección de necesidades en materia de formación e emprego aportarán información relevante para o correcto enfoque das accións do Programa:

- > O “**Estudo da situación dos servizos de apoio á busca de emprego na cidade da Coruña**” servirá de soporte informativo sobre a empregabilidade e sobre os mecanismos de atención ás persoas demandantes de emprego.

- > O “**Estudo sobre o impacto no emprego do porto exterior da cidade da Coruña**” permitirá analizar as potencialidades das novas instalacións portuarias para a recuperación do tecido económico e social da cidade , de cara a reforzar os diferentes sectores productivos. Especificamente posibilitará analizar as posibilidades que brinda o sector da construción vinculado á reedificación nos terreos do antigo porto e outros sectores que necesitarán de persoal nas novas instalacións portuarias (transporte, loxística, distribución,...).

ACCÍONS A DESENVOLVER POLO SERVIZO MUNICIPAL DE EMPREGO A TRAVÉS DO PROXECTO REDE CORUÑA EMPREGA

ENTIDADES

Servizo Municipal de Emprego: PROXECTO REDE CORUÑA EMPREGA

ACCÍONS

Organización xornadas, reunións e congreso final

Elaboración de procedementos da Rede

Desenvolvemento do software e deseño da extranet da Rede

Soportes informáticos serigrafiados para a tarxeta da demanda de emprego

Elaboración vídeo promocional da Rede

Publicidade da Rede

Manual de Boas Prácticas

GRUPO DE FORMACIÓN	
ENTIDADES	
<ol style="list-style-type: none"> 1. <i>Cáritas</i> 2. <i>Confederación Galega de persoas con discapacidade (COGAMI)</i> 3. <i>Confederación de Empresarios de La Coruña</i> 4. <i>Consellería de Traballo</i> 5. <i>Cruz Vermella Española</i> 6. <i>Ecos do Sur</i> 7. <i>Equus Zebra</i> 8. <i>Fundación Mujeres</i> 9. <i>Federación de Autónomos de Galicia</i> 10. <i>Federación de empresarias de Galicia</i> 11. <i>Servizo Municipal de Emprego</i> 12. <i>Sindicatos (U.G.T., CC.OO., C.I.G.)</i> 13. <i>Universidade da Coruña</i> 	
COD.	ACCIÓNS
F-1	Coordinación de accións de Formación Ocupacional
F-2	Prácticas Profesionais Tutorizadas en Empresas
F-3	Accións de Formación dos Itinerarios Integrados de Inserción. Rede Coruña Emprega
<i>F-3.1</i>	<i>Formación Profesional dirixida a colectivos con maiores dificultades de inserción. Rede Coruña Emprega</i>
<i>F-3.2</i>	<i>Módulos transversais de Igualdade de Oportunidades. Rede Coruña Emprega</i>
<i>F-3.3</i>	<i>Módulos transversais de NTICs. Rede Coruña Emprega</i>
<i>F-3.4</i>	<i>Módulos transversais de non discriminación. Rede Coruña Emprega</i>
<i>F-3.5</i>	<i>Módulos transversais de medio ambiente. Rede Coruña Emprega</i>
<i>F-3.6</i>	<i>Formación en sistemas de comunicación en linguaxe de signos. Rede Coruña Emprega</i>
<i>F-3.7</i>	<i>Formación empresarial, asesoramento e apoio xerencial. Rede Coruña Emprega</i>

F-1	Coordinación de accións de Formación Ocupacional
GRUPO DE TRABAJO	FORMACIÓN

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN
OBXECTIVO XERAL
Coordinar e planificar conxuntamente as accións de formación ocupacional e transversal impartidas por entidades e servizos de emprego na cidade da Coruña.
PÚBLICO OBXECTIVO
Entidades públicas e privadas que xestionan servizos de formación e emprego no Concello da Coruña.
CONTIDOS E METODOLOXÍA
<p>Esta acción de coordinación expónse como unha posibilidade de reorganizar a formación ocupacional, a formación dirixida a colectivos con especiais dificultades e a formación transversal que se está a ofertar na cidade, dirixindo o seu deseño cara a unha posible especialización, evitando duplicidades e realizando novas exposicións que rendibilicen o traballo das entidades.</p> <p>A mellora da eficiencia e da eficacia da oferta formativa está ligada á obtención de certificados de profesionalidade, como instrumento de acreditación de competencias profesionais para o desenvolvemento dunha actividade laboral, polo que a obtención das acreditacións será un tema clave a tratar neste grupo de traballo.</p> <p>A metodoloxía empregada para a execución desta acción ten que ver con aspectos como:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Análise dos resultados obtidos do “<i>Estudo sobre a situación dos servizos de apoio á busca de emprego na cidade da Coruña</i>”. - Información derivada do “<i>Estudo sobre o impacto do emprego no Porto Exterior da Coruña e outras oportunidades de negocio</i>”. - Posta en común e toma de decisións relativas á reorganización da formación impartida polas diferentes entidades. - Profundización no sistema de acreditación de competencias para a obtención de certificados de profesionalidade e na posible problemática derivada do mesmo. <p>Prevese a celebración dunha xornada de intercambio metodolóxico e técnico no ámbito da Formación, na que poderán participar persoas expertas e con responsabilidades neste ámbito da Administración Autonómica.</p>

INDICADORES		VALOR OBXECTIVO
DE REALIZACIÓN	Nº de entidades colaboradoras	20
	Xornada de Intercambio	1
DE RESULTADO	Análise da oferta formativa no territorio de actuación	
DE RESULTADO	Coordinación en función dunha posible especialización	

CALENDARIO DE EXECUCIÓN	
DURACIÓN TOTAL	DATA DE INCIO PREVISTA: xaneiro de 2010
	DATA FINALIZACIÓN PREVISTA: novembro de 2010

F-2	Prácticas Profesionais titorizadas en empresas
GRUPO DE TRABAJO	FORMACIÓN

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN
OBXECTIVO XERAL
Coordinar e planificar conxuntamente accións de prácticas profesionais titorizadas en empresas como complemento á formación específica.
PÚBLICO OBXECTIVO
Entidades e empresas que oferten prácticas profesionais titorizadas e servizos de formación e emprego.
CONTIDOS E METODOLOXÍA
<p>A proposta para articular o desenvolvemento de prácticas profesionais titorizadas en empresas, nace do establecemento dunha relación non laboral entre as empresas e as persoas beneficiarias, tendo polo tanto, estas últimas, a consideración de “alumnado”.</p> <p>As prácticas terán unha duración variable, en función das necesidades que marque a formación previa.</p> <p>A colaboración das empresas na execución dos módulos de práctica profesional titorizada será totalmente voluntaria. Non levará contraprestación económica algunha e regularanse a través dun <i>Convenio de Colaboración</i> no que se recollerá un <i>Plan Formativo de Prácticas</i> coa programación de actividades e tarefas a realizar.</p> <p>Especial relevancia terán nesta acción as entidades representantes do empresariado, no seu papel de informadoras e interlocutoras co tecido empresarial susceptible de ofertar prácticas formativas nun entorno real.</p> <p>As prácticas expóñense como unha oportunidade de inserción despois dun período de formación “ad hoc” nun posto de traballo, o que dará ao empresariado un grao de coñecemento previo sobre as habilidades do alumnado.</p> <p>As empresas que faciliten prácticas que rematen en inserción laboral, ofertando emprego de calidade, poderán ser candidatas ao “premio” ou “recoñecemento de Empresas pola Inserción Laboral”, dacordo ao seu regulamento.</p>

INDICADORES	VALOR OBXECTIVO
DE REALIZACIÓN	Definición do contido Convenio de Colaboración Formación Definición do contido Plan Formativo de Prácticas
	Nº de Empresas colaboradoras Nº de beneficiarias dos módulos Nº de beneficiarios dos módulos
	Nº de estadias/módulos de prácticas
DE RESULTADO	Nº de insercións laborais derivadas das prácticas

CALENDARIO DE EXECUCIÓN	
DURACIÓN TOTAL	DATA DE INICIO PREVISTA: xaneiro de 2010
	DATA FINALIZACIÓN PREVISTA: novembro de 2010

F-3	Accións de Formación dos Itinerarios Integrados de Inserción do Proxecto Rede Coruña Emprega
GRUPO DE TRABAJO	FORMACIÓN

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN
OBXECTIVO XERAL
<p>Trasladar ás entidades da Rede que constitúen o Pacto Local polo Emprego, a posibilidade de participar activamente na execución das accións de formación do Proxecto previstas para o exercicio 2010.</p> <p>Os Itinerarios Integrados de Inserción Sociolaboral do proxecto teñen como finalidade facilitar unha alternativa de emprego a persoas con dificultades de inserción sociolaboral a través de accións de formación específica dirixidas a estes colectivos.</p>
PÚBLICO OBXECTIVO
Entidades da Rede.
CONTIDOS E METODOLOXÍA
<p>As entidades da Rede poderán desenvolver as accións de formación do proxecto Rede Coruña Emprega, en función dunha serie de criterios previamente definidos, relacionados coa súa especialización, experiencia, etc.</p> <p>A colaboración coas entidades formalizarase a través dun convenio co Concello da Coruña.</p>

INDICADORES		VALOR OBXECTIVO
DE REALIZACIÓN	Definición de criterios para a execución da formación	
DE RESULTADO	Nº de convenios de colaboración	12

CALENDARIO DE EXECUCIÓN	
DURACIÓN TOTAL	DATA DE INCIO PREVISTA: xaneiro 2010
	DATA FINALIZACIÓN PREVISTA: novembro 2010

F-3.1	Formación Profesional dirixida a colectivos con dificultades de inserción proyecto Rede Coruña Emprega
--------------	---

DESCRIBIÓN DA ACCIÓN
OBXECTIVO XERAL
Realización de accións de formación habilitante dirixidas especificamente a colectivos con dificultades de inserción sociolaboral no marco dos Itinerarios Integrados de Inserción do proxecto Rede Coruña Emprega.
PÚBLICO OBXECTIVO
<p>Colectivos definidos no proxecto como prioritarios no ámbito de intervención:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mulleres en situación de desemprego. - Persoas sometidas a maltrato físico ou psíquico. - Menores de 30 anos. - Desempregadas/os maiores de 45 anos. - Paradas/os de longa duración - Persoas afectadas por unha minusvalía física, psíquica ou sensorial. - Persoas pertencentes a etnias desfavorecidas ou minoritarias na sociedade. - Inmigrantes. - Persoas en proceso de rehabilitación ou reinserción social. - Mozas e mozos que non superaron o ensino obrigatorio. - Coidadores/as non profesionais que atenden persoas en situación de dependencia. - Outros colectivos en risco de exclusión social.
CONTIDOS E METODOLOXÍA
<p>Contempla a execución de accións de formación específica dirixidas á profesionalización nas áreas do coidado a persoas, enerxías renovables e outros sectores profesionais.</p> <p>A maioría das accións expostas contemplan a posibilidade de acceder a un certificado de profesionalidade, que pretende dar resposta ás necesidades da sociedade do coñecemento, baseada na competitividade, empregabilidade, mobilidade laboral, fomento da cohesión e da inserción laboral.</p> <p>As accións formativas do proxecto previstas para o ano 2010 son:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. <i>Soldadura con máquinas semiautomáticas mig-mag.</i> 2. <i>Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais II (certificado profesionalidade).</i> 3. <i>Atención especializada en enfermidade de Alzheimer.</i> 4. <i>Instalación de elementos de carpintería (certificado de profesionalidade)</i> 5. <i>Montaxe de mobles e elementos de carpintería (certificado de profesionalidade).</i> 6. <i>Electricista de edificios (certificado de profesionalidade).</i> 7. <i>Montaxe e mantemento de instalacións solares fotovoltaicas (certificado de profesionalidade).</i> 8. <i>Auxiliar de Servicos II.</i> 9. <i>Instalación de enerxías renovables en edificios.</i> 10. <i>Coidado de persoas con discapacidade física e psíquica II.</i> <p>Estas accións son susceptibles de modificación, sempre que as necesidades do mercado e as posibilidades de emprego así o aconsellen.</p> <p>Cada especialidade incorporará formación complementaria en Prevención de Riscos Laborais, co obxectivo de adquirir a capacidade de aplicar os coñecementos sobre seguridade e saúde para reducir os riscos derivados do traballo.</p> <p>As entidades da Rede responsables da execución de accións formativas serano en canto aos criterios de capacitación, especialización e experiencia nas materias de referencia, e farano daccordo a unha proposta de contidos expostos dende o proxecto Rede Coruña Emprega, que se valorará conxuntamente co persoal técnico da entidade impartidora.</p>

INDICADORES		VALOR OBXECTIVO
DE REALIZACIÓN	Nº de accións impartidas Materiais formativos para cada acción	10 1 programa/acción
DE RESULTADO	Nº de beneficiarias que reciben formación Nº de beneficiarios que reciben formación	105 (70%) 45 (30%)

CALENDARIO DE EXECUCIÓN	
DURACIÓN TOTAL	DATA DE INCIO PREVISTA: xaneiro de 2010
	DATA FINALIZACIÓN PREVISTA: novembro de 2010

F-3.2	Módulos transversais de formación en Igualdade de Oportunidades do proxecto Rede Coruña Emprega
--------------	--

DESCRICIÓN DA ACCIÓN
OBXECTIVO XERAL
Sensibilizar en igualdade aos homes e ás mulleres participantes no proxecto, analizar a empregabilidade das mulleres no mercado laboral actual e motivalas cara a diversificación profesional.
PÚBLICO OBXECTIVO
Beneficiarios e beneficiarias dos Itinerarios Integrados de Inserción do proxecto Rede Coruña Emprega.
CONTIDOS E METODOLOXÍA
Os contidos dos módulos deben recoller un conxunto de ferramentas en forma de actividades grupais e individuais que, acompañadas de pequenas introduccións teóricas, permitan construír novas interpretacións das relacións entre homes e mulleres, dos seus roles, das estruturas sociais que xeran e reproducen a desigualdade.
Perséguese favorecer unha actitude positiva e disposta a mirar dende outra óptica os desequilibrios de xénero, naturalizados no ámbito laboral, identificando e cuestionando os mecanismos baixo os que operan e se reproducen as desigualdades.
Alguns contidos a expor nesta formación serían:
<ul style="list-style-type: none"> - O concepto de Igualdade de Oportunidades. - A discriminación laboral. - A segregación ocupacional. - A diversificación profesional.
Son accións presenciais de reflexión e sensibilización, cunha metodoloxía experiencial, baseada nas vivencias das persoas participantes e no debate en grupo. Polo tanto, a metodoloxía debe ser participativa, construtivista, analítica, flexible e grupal.

INDICADORES		VALOR OBXECTIVO
DE REALIZACIÓN	Horas de formación en I.O. Nº de accións de formación	100 10
DE RESULTADO	Nº de beneficiarias dos módulos Nº de beneficiarios dos módulos	105 (70%) 45 (30%)

CALENDARIO DE EXECUCIÓN	
DURACIÓN TOTAL	DATA DE INICIO PREVISTA: xaneiro 2010
	DATA FINALIZACIÓN PREVISTA: novembro 2010

F-3.3	Módulos transversais sobre Novas Tecnoloxías da Información e Comunicación do proxecto Rede Coruña Emprega
--------------	---

DESCRICIÓN DA ACCIÓN
OBXECTIVO XERAL
Achegar ás persoas beneficiarias do proxecto ao manexo de aplicacións informáticas básicas e ao uso dos servizos e protocolos propios da rede, internet, correo electrónico...
PÚBLICO OBXECTIVO
Beneficiarios e beneficiarias dos Itinerarios Integrados de Inserción do proxecto Rede Coruña Emprega.
CONTIDOS E METODOLOXÍA
<p>A metodoloxía estará orientada á adquisición dunha actitude activa no manexo dos datos e informacións obtidas na rede, así como a acadar a destreza operativa de teclados e tratamento eficiente dos datos informáticos.</p> <p>Proposta de contidos xerais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Traballo con arquivos. - Conceptos básicos de internet. - Servizos e aplicacións: correo electrónico.

INDICADORES		VALOR OBXECTIVO
DE REALIZACIÓN	Horas de formación en NTICS Nº de accións de formación	100 10
DE RESULTADO	Nº de beneficiarias dos módulos Nº de beneficiarios dos módulos	105 (70%) 45 (30%)

CALENDARIO DE EXECUCIÓN	
DURACIÓN TOTAL	DATA DE INCIO PREVISTA: xaneiro 2010
	DATA FINALIZACIÓN PREVISTA: novembro 2010

F-3.4	Módulos transversais de formación en fomento da non discriminación e loita contra a exclusión social do proxecto Rede Coruña Emprega
--------------	---

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN
OBXECTIVO XERAL
Tomar conciencia da problemática de certos colectivos socialmente marxinados para ampliar coñecementos e eliminar prexuízos.
PÚBLICO OBXECTIVO
Beneficiarios e beneficiarias dos Itinerarios Integrados de Inserción do proxecto Rede Coruña Emprega.
CONTIDOS E METODOLOXÍA
<p>É necesario analizar os procesos sociais de exclusión, identificando o seu alcance e mostrando algunhas das principais iniciativas modernas de integración social.</p> <p>Serán accións presenciais de reflexión e sensibilización, cunha metodoloxía experiencial, que teña como base as vivencias das persoas participantes e o debate do grupo. Polo tanto, a metodoloxía debe ser participativa, construtivista, analítica, flexible e grupal.</p> <p>A proposta do programa xeral sería a seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aproximación conceptual. A loita contra a discriminación. - Que é a inclusión social?. Riscos de exclusión social. - A inclusión de todas as persoas na sociedade. - Medidas e sensibilización. - Plans nacionais e autonómicos de acción contra a exclusión. - Estratexia europea da inclusión social.

INDICADORES		VALOR OBXECTIVO
DE REALIZACIÓN	Horas de formación en non discriminación	100
	Nº de accións de formación	10
DE RESULTADO	Nº de beneficiarias dos módulos	105 (70%)
	Nº de beneficiarios dos módulos	45 (30%)

CALENDARIO DE EXECUCIÓN	
DURACIÓN TOTAL	DATA DE INCIO PREVISTA: xaneiro 2010
	DATA FINALIZACIÓN PREVISTA: novembro 2010

F-3.5	Módulos transversais de formación en Coidado e respecto o Medio ambiente do proxecto Rede Coruña Emprega
--------------	---

DESCRICIÓN DA ACCIÓN
OBXECTIVO XERAL
Introducir ao alumnado no coñecemento dos principais problemas medio ambientais, tanto a nivel xeral coma laboral, tendo en conta a súa aplicación ás diferentes especialidades profesionais.
PÚBLICO OBXECTIVO
Beneficiarios e beneficiarias dos Itinerarios Integrados de Inserción do proxecto Rede Coruña Emprega.
CONTIDOS E METODOLOXÍA
<p>Trátase de desenvolver una actitude activa na exposición e execución de accións ambientais, informar sobre as actuacións que a sociedade e as institucións propoñen para a mellora ambiental e inducir á adopción de boas prácticas profesionais.</p> <p>Os contidos deberán permitir identificar os principais conceptos e os efectos medio ambientais exercidos pola actividade humana e establecer a relación que existe entre a incorporación do medio ambiente a actividade humana e o concepto de calidade de vida.</p> <p>A metodoloxía debe ser aberta, participativa, e activa. Desenvolveranse actividades grupais e individuais que xeren debates sobre os temas a tratar, e favoreceranse actitudes positivas e críticas no alumnado.</p> <p>O módulo adaptarase ás diferentes familias profesionais nas que estamos a formar, así como ás ocupacións que se deriven desa formación.</p>

INDICADORES		VALOR OBXECTIVO
DE REALIZACIÓN	Horas de formación en M.A. Nº de accións de formación	100 10
DE RESULTADO	Nº de beneficiarias dos módulos Nº de beneficiarios dos módulos	105 (70%) 45 (30%)

CALENDARIO DE EXECUCIÓN	
DURACIÓN TOTAL	DATA DE INCIO PREVISTA: xaneiro 2010
	DATA FINALIZACIÓN PREVISTA: novembro 2010

F-3.6	Módulos transversais de formación en Linguaxe de Signos do proxecto Rede Coruña Emprega
--------------	--

DESCRICIÓN DA ACCIÓN
OBXECTIVO XERAL
Dar a coñecer as características da Linguaxe de Signos como medio de comunicación coas persoas xordas, potenciar a eliminación das barreiras de comunicación existentes e iniciar a capacitación do alumnado nos diferentes sistemas de comunicación.
PÚBLICO OBXECTIVO
Beneficiarios e beneficiarias dos Itinerarios Integrados de Inserción do proxecto Rede Coruña Emprega, que participaran en formación relacionada coa atención a persoas con especiais necesidades.
CONTIDOS E METODOLOXÍA
Trátase dun módulo eminentemente práctico. O alumnado achegárase a esta linguaxe a través de supostos reais da vida cotiá de persoas con deficiencias auditivas. Os contidos propostos para un curso destas características serían: <ul style="list-style-type: none"> - Achegamento ao entorno social das persoas con discapacidade auditiva. - Achegamento aos problemas sociais desta comunidade. - Comprensión de conversacións sinxelas da vida cotiá. - Expresión de sentimentos sinxelos. - Horarios, días da semana, meses, estacións. - Substantivos, abecedario, números e construcións de oracións sinxelas. <p>A metodoloxía será de carácter demostrativo, participativo e individualizado, orientada á adquisición dunha formación complementaria á formación habilitante en atención a persoas facilitada no marco dos Itinerarios de Inserción.</p>

INDICADORES		VALOR OBXECTIVO
DE REALIZACIÓN	Horas de formación en Linguaxe de Signos	40
DE RESULTADO	Nº de beneficiarias dos módulos Nº de beneficiarios dos módulos	11 (70%) 4 (30%)

CALENDARIO DE EXECUCIÓN	
DURACIÓN TOTAL	DATA DE INCIO PREVISTA: xaneiro de 2010
	DATA FINALIZACIÓN PREVISTA: novembro de 2010

F-3.7	Formación empresarial, asesoramento e apoio xerencial do proxecto Rede Coruña Emprega
--------------	--

DESCRICIÓN DA ACCIÓN
OBXECTIVO XERAL
Formar e asesorar sobre o autoemprego a persoas que amosen un perfil enfocado á creación de empresas, facilitando a adquisición dos coñecementos, competencias e habilidades necesarias para a posta en marcha de plans de negocio viables.
PÚBLICO OBXECTIVO
Persoas beneficiarias do proxecto Rede Coruña Emprega cunha idea de negocio.
CONTIDOS E METODOLOXÍA
<p>No caso de detectarse algunha iniciativa empresarial entre as persoas beneficiarias do proxecto, realizaranse accións de titorización individualizada e grupal e impartiranse seminarios de planificación empresarial e de economía social.</p> <p>A metodoloxía a empregar será activa e participativa, a través de exposicións teóricas, exercicios e casos, simulador empresarial, visitas a empresas constituídas...</p>

INDICADORES		VALOR OBXECTIVO
DE REALIZACIÓN	Nº de módulos e seminarios	En función das necesidades de autoemprego detectadas
DE RESULTADO		

CALENDARIO DE EXECUCIÓN	
DURACIÓN TOTAL	DATA DE INICIO PREVISTA: xaneiro de 2010
	DATA FINALIZACIÓN PREVISTA: novembro de 2010

GRUPO DE ORIENTACIÓN LABORAL

ENTIDADES

1. Cáritas
2. Confederación Galega de persoas con discapacidade (COGAMI)
3. Confederación de Empresarios de La Coruña
4. Consellería de Traballo
5. Cruz Vermella Española
6. Entidades de axuda á Migración (Ecodesarrollo Gaia, Ecos do Sur, Equus Zebra)
7. Federación de Asociacións en favor das persoas con discapacidade intelectual de Galicia (FADEMGA)
8. *Federación de Autónomos de Galicia*
9. Fundación Mujeres
10. Servizo Municipal de Emprego
11. Sindicatos (U.G.T., CC.OO., C.I.G.)
12. Universidade da Coruña

COD.

ACCÍONS

- | COD. | ACCÍONS |
|------|---|
| OL-1 | Coordinación de servizos de orientación laboral na cidade |
| OL-2 | Fomento da tarxeta informática de demanda de emprego |
| OL-3 | Itinerarios Integrados de Inserción sociolaboral |

OL-1	Coordinación de accións de Orientación Laboral
GRUPO DE TRABAJO	ORIENTACIÓN

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN
OBXECTIVO XERAL
Coordinar as accións de orientación executadas por diferentes entidades e servizos na cidade da Coruña.
PÚBLICO OBXECTIVO
Entidades ou servizos que realicen accións de orientación laboral na cidade da Coruña.
CONTIDOS E METODOLOXÍA
<p>Exponse coma unha posibilidade de reorganizar os servizos de orientación que se están a ofertar na cidade para engadirilles un maior valor, dirixindo o seu deseño cara unha posible especialización.</p> <p>A oferta de servizos de orientación é fragmentada e esténdese ao longo de varios sistemas de prestacións: ensino (nos seus distintos niveis), servizos públicos de emprego, organizacións sindicais, asociacións do empresariado e demais entidades sociais. Para conseguir a mellora dun sistema pluralista débese facer fincapé en mellorar o enlace entre todas as entidades de orientación co obxectivo de establecer vías formais de colaboración e mellorar a eficacia e a eficiencia dos servizos ofertados.</p> <p>Trátase de evitar duplicidades, establecer estándares profesionais, protocolos de traballo común e realizar novas exposicións que rendibilicen o esforzo das entidades.</p> <p>A metodoloxía empregada ten que ver, por unha banda, coa colaboración de todas as entidades no “<i>Estudo sobre a situación dos servizos de apoio á busca de emprego na cidade da Coruña</i>”, e por outra, coa toma de decisións baseadas nos resultados que se obteñan.</p> <p>Considérase fundamental a implicación das Consellerías de Traballo e Educación como responsables das políticas de orientación no ámbito laboral e educativo.</p> <p>Prevese a celebración dunha xornada de intercambio metodolóxico e técnico no ámbito da Orientación Laboral, na que poderán participar persoas expertas e con responsabilidades neste ámbito da Administración Autonómica.</p>

INDICADORES		VALOR OBXECTIVO
DE REALIZACIÓN	Definición da metodoloxía de investigación Xornada técnica de intercambio	Cuestionarios, entrevistas 1
	Nº de entidades colaboradoras	20
	Análise dos servizos de orientación no territorio de actuación	
DE RESULTADO	Coordinación en función dunha posible especialización	

CALENDARIO DE EXECUCIÓN	
DURACIÓN TOTAL	DATA DE INCIO PREVISTA: xaneiro de 2010
	DATA FINALIZACIÓN PREVISTA: novembro de 2010

OL-2	Fomento da tarxeta informática da demanda de emprego
GRUPO DE TRABAJO	ORIENTACIÓN LABORAL

DESCRIBIÓN DA ACCIÓN
OBXECTIVO XERAL
<p>Fomentar o uso da tarxeta informática de demanda de emprego, para posibilitar e garantir a coordinación entre os diferentes servizos de emprego da cidade.</p> <p>Servirá como ferramenta de traballo nas accións que realice a persoa demandante de emprego e como instrumento de coordinación entre as entidades, na medida en que as actividades realizadas e as institucións implicadas quedarán rexistradas na mesma.</p>
PÚBLICO OBXECTIVO
<p>Empresas e entidades públicas ou privadas que realicen algunha labor de apoio e asesoramento ao emprego.</p>
CONTIDOS E METODOLOXÍA
<p>Esta tarxeta consistirá nunha sinxela aplicación informática en forma de minidisc ou porto USB, que será entregada a cada persoa demandante de emprego e cumprimentada cos seus datos laborais.</p> <p>Posteriormente, irase completando coa información que engada o persoal técnico de calquera entidade que realice algunha labor de apoio e/ou asesoramento.</p> <p>O resultado debe reflectirse nunha ferramenta que facilite o traballo das entidades implicadas na mellora da empregabilidade no concello. Nesta acción participarán directa ou indirectamente entidades que foron obxecto do <i>"Estudo e Análise dos Servizos de Apoio na cidade da Coruña"</i>.</p>

INDICADORES		VALOR OBXECTIVO
DE REALIZACIÓN	Definición dos contidos a recoller na tarxeta Definición das entidades participantes da tarxeta	
DE RESULTADO	Nº de tarxetas entregadas	300
	Nº de entidades colaboradoras	50

CALENDARIO DE EXECUCIÓN	
DURACIÓN TOTAL	DATA DE INCIO PREVISTA: xaneiro de 2010
	DATA FINALIZACIÓN PREVISTA: decembro de 2010

OL-3	Itinerarios Integrados de Inserción Sociolaboral
GRUPO DE TRABAJO	ORIENTACIÓN LABORAL

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN
OBXECTIVO XERAL
Poñer en común e consensuar metodoloxías definidas nos Itinerarios de Inserción, ferramenta válida para facilitar a inserción sociolaboral.
PÚBLICO OBXECTIVO
Profesionais que realicen funcións de información, asesoramento e orientación a persoas desempregadas no concello da Coruña.
CONTIDOS E METODOLOXÍA
<p>A realización de Itinerarios para a Inserción Laboral pasa por unha correcta xestión dos recursos e accións existentes que faciliten a mellora da empregabilidade. A eficacia do itinerario está relacionada coa idoneidade dos recursos que a persoa vai a utilizar para a súa incorporación ao mercado de traballo.</p> <p>A proposta metodolóxica dos Itinerarios implica o desenvolvemento dun procedemento de actuación que contempla as seguintes fases:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Fase de acollida: establecemento do marco de traballo no que se vai a intervir. 2. Diagnóstico para a empregabilidade: entrevista de carácter motivador, de recollida de datos e de establecemento do rol do/a orientador/a. Nesta fase débese valorar a empregabilidade da persoa sobre a base dos seus intereses profesionais, adecuación profesional á realidade laboral, actitude ante o emprego, etc. 3. Deseño e concertación: consiste en facilitar información e recursos á persoa para que tome decisións en relación ao seu proceso de inserción. Conleva non só unha toma de decisións con respecto ás actuacións nas que a persoa vai a participar, senón a definición dun plan de traballo individualizado. 4. Fase de desenvolvemento: talleres, grupos de activación ao emprego, formación habilitante, prácticas profesionais titorizadas, accións de busca de emprego, intermediación laboral, etc. 5. Seguimento: supervisión e apoio na actividade que realiza a persoa e seguimentos posteriores á inserción laboral co fin de coñecer o grao de satisfacción da persoa usuaria e da empresa que contrata. 6. Finalización: por colocación, finalización de accións, baixa voluntaria ou baixa motivada. <p>A posta en común dunha metodoloxía entre as entidades implicadas deberá servir para sistematizar e estandarizar a intervención nun proceso de orientación laboral.</p> <p>Dende a perspectiva técnica os itinerarios deben contemplar a intermediación laboral como clave para o éxito do plan personalizado, o que implica, entre outros aspectos a xestión das ofertas de emprego. É importante potenciar a creación e coordinación de redes de recursos que favorezan a integración de todos os existentes, sexan procedentes da Administración Pública ou da iniciativa privada, o que inclúe a definición de modelos eficaces de xestión das ofertas de emprego.</p>

INDICADORES		VALOR OBXECTIVO
DE REALIZACIÓN	Definición da metodoloxía de intervención	Cuestionarios, manuais
	Nº de entidades colaboradoras	20
DE RESULTADO	Recompilación das conclusións	

CALENDARIO DE EXECUCIÓN	
DURACIÓN TOTAL	DATA DE INICIO PREVISTA: xaneiro 2010
	DATA FINALIZACIÓN PREVISTA: novembro 2010

GRUPO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	
ENTIDADES	
<ol style="list-style-type: none">1. <i>Cámara de Comercio</i>2. <i>Caixa Galicia</i>3. <i>Caixanova</i>4. <i>Confederación de Empresarios de La Coruña</i>5. <i>Federación de Empresarias de Galicia</i>6. <i>Fundación Mujeres</i>7. <i>Federación de Autónomos de Galicia</i>8. <i>Promoción Económica do Servizo Municipal de Emprego</i>9. <i>Servizo Municipal de Emprego</i>10. <i>Sindicatos (U.G.T., CC.OO., C.I.G.)</i>11. <i>Universidade da Coruña</i>	
COD.	ACCIÓNS
PE-1	Promoción da cultura emprendedora
PE-2	Promoción do comercio minorista na cidade
PE-3	Promoción de viveiros de empresas
PE-4	Xestión de microcréditos dirixidos a colectivos con especiais dificultades de inserción
PE-5	Recoñecemento das empresas colaboradoras na inserción laboral

PE-1	Promoción da Cultura Emprendedora
GRUPO DE TRABAJO	PROMOCIÓN ECONÓMICA

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN
OBXECTIVO XERAL
<p>Coordinar e procedimentar as accións de asesoramento, formación e seguimento á emprendeduría e incentivar actuacións destinadas ao desenvolvemento económico local.</p>
PÚBLICO OBXECTIVO
Xeral
CONTIDOS E METODOLOXÍA
<p>A coordinación e a procedimentación das accións relacionadas coa promoción da cultura emprendedora son unha peza clave para rendibilizar o traballo das entidades e organizacións especializadas, así como para facilitar o acceso das persoas beneficiarias aos diferentes recursos de emprendemento.</p> <p>Esta acción está dirixida a promover a cultura emprendedora en diferentes ámbitos, que deberán abarcar o educativo, o universitario e outros relacionados coa busca activa de emprego.</p> <p>Dentro das actividades a realizar enmárcanse accións de información e orientación que pretenden difundir como se xeran as ideas empresariais e romper os mitos sobre a figura da persoa emprendedora, mostrando a través de experiencias persoais, que é posible transformar unha idea nunha empresa viable.</p> <p>Contéplase a posibilidade de organizar accións de difusión que potencien e favorezan o desenvolvemento de ideas empresariais innovadoras, así como establecer actuacións coordinadas coa Consellería de Educación especificamente dirixidas ao alumnado.</p> <p>A metodoloxía a empregar será aberta, dinámica e participativa.</p>

INDICADORES		VALOR OBXECTIVO
DE REALIZACIÓN	Nº de accións de información/ orientación	
DE RESULTADO	Nº de persoas participantes	

CALENDARIO DE EXECUCIÓN	
DURACIÓN TOTAL	DATA DE INCIO PREVISTA: xaneiro de 2010
	DATA FINALIZACIÓN PREVISTA: novembro de 2010

PE-2	Promoción do comercio minorista
GRUPO DE TRABAJO	PROMOCIÓN ECONÓMICA

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN
OBXECTIVO XERAL
Reincorporar ao mercado laboral o emprego afectado pola actual crise económica, tanto no que se refire aos propietarios e propietarias de establecementos afectados, coma ao persoal por conta allea que perdeu o emprego.
PÚBLICO OBXECTIVO
Comercio polo miúdo da cidade, autónomos/as e persoas desempregadas do sector comercio que pechou por causa da crise.
CONTIDOS E METODOLOXÍA
<p>Para o colectivo de propietarios e propietarias de establecementos que pecharon durante os dous últimos anos, levaranse a cabo unha serie de Talleres de Novas Ideas de Negocio, que contemplan o acceso a axudas e fontes de financiamento preferente.</p> <p>Para os traballadores e traballadoras por conta allea que perderon o seu posto de traballo por mor de peche do establecemento, porase en marcha un programa de formación e inserción laboral en función das súas características profesionais que teñan en conta os anos de experiencia, habilidades e formación. Para iso, é preciso contactar coas empresas do sector comercio que teñan previsto abrir novos puntos de venda e os perfís demandados para cubrir os postos de traballo xerados.</p> <p>Para poder levar a acabo de forma eficiente esta labor crearase unha Bolsa de Traballo á que terán acceso as persoas responsables do recrutamento e selección das empresas interesadas.</p> <p>Esta acción ven a complementar as actuacións desenvolvidas actualmente dende o Servizo Municipal de Emprego, ás que se continuará dando impulso:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Campaña de promoción do comercio minorista na cidade. - Outlet "Alem Coruña". - Formación e estudos sobre os mercados municipais. - Concurso de escaparatismo.

INDICADORES		VALOR OBXECTIVO
DE REALIZACIÓN	Creación dunha Base de Datos de comercios afectados pola crise Bolsa de Traballo.	
DE RESULTADO	Nº Cursos e Talleres impartidos. Nº de empresas para a inserción Índice de inserción laboral e creación de novas empresas.	

CALENDARIO DE EXECUCIÓN	
DURACIÓN TOTAL	DATA DE INCIO PREVISTA: xaneiro 2010
	DATA FINALIZACIÓN PREVISTA: decembro de 2010

PE-3	Promoción de viveiros de empresas
GRUPO DE TRABAJO	PROMOCIÓN ECONÓMICA

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN
OBXECTIVO XERAL
Promocionar os viveiros de empresas como instrumento viable para o fomento e apoio das microempresas, tanto no seu nacemento como na súa consolidación, incorporando unha liña de acollida de empresas creadas por emprendedores ou emprendedoras con maiores dificultades de inserción laboral.
PÚBLICO OBXECTIVO
Empresas innovadoras de calquera sector de actividade, con viabilidade técnica, comercial, económica e financeira, que presenten necesidades de incubación para a súa consolidación.
CONTIDOS E METODOLOXÍA
<p>A través desta acción preténdese publicitar e poñer en valor o papel facilitador, promotor, e garante dos viveiros de empresa, para impulsar o desenvolvemento económico do concello, establecendo un novo modelo de cooperación público-privada.</p> <p>Ademais da promoción propónse incorporar a dimensión social a estes espazos, priorizando a grupos conformados especialmente por segmentos da poboación cualificados como máis vulnerables, tales como mulleres, mocidade, persoas desempregadas de longa duración, traballadores e traballadoras en proceso de reconversión, etc.</p> <p>Trátase dun modelo de viveiros que albergue microemprendementos rendibles, que fortalezan a capacidade productiva deste segmento da poboación, mediante o impulso e desenvolvemento de habilidades empresariais.</p> <p>A xestión de liñas específicas de microcréditos será un apoio fundamental para o inicio da actividade empresarial.</p>

INDICADORES		VALOR OBXECTIVO
DE REALIZACIÓN	Definición das accións de promoción	
DE RESULTADO	Nº de empresas creadas nos viveiros	

CALENDARIO DE EXECUCIÓN	
DURACIÓN TOTAL	DATA DE INCIO PREVISTA: xaneiro de 2010
	DATA FINALIZACIÓN PREVISTA: decembro de 2010

PE-4	Xestión de microcréditos dirixidos a colectivos con especiais dificultades de inserción
GRUPO DE TRABAJO	PROMOCIÓN ECONÓMICA

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN
OBXECTIVO XERAL
Facilitar o acceso ás liñas de Microcréditos para favorecer a igualdade de oportunidades e apoiar o potencial emprendedor daquelas persoas que necesitan financiamento para o seu proxecto empresarial.
PÚBLICO OBXECTIVO
Colectivos definidos como prioritarios no ámbito de intervención que desexen crear a súa empresa.
CONTIDOS E METODOLOXÍA
<p>Desenvolverase unha estratexia de traballo conxunto con entidades que teñan experiencia na xestión de microcréditos, para así facilitar a creación de empresas a persoas con menores oportunidades económicas.</p> <p>A metodoloxía de traballo estará baseada na colaboración entre as entidades para axilizar e potenciar a concesión de microcréditos ás persoas que despois de pasar por un Itinerario Integrado de Inserción, queiran poñer en marcha un proxecto empresarial.</p> <p>Recibirán asesoramento e apoio para analizar a viabilidade do seu proxecto, elaborar o plan de empresa e tramitar a solicitude do mesmo.</p>

INDICADORES		VALOR OBXECTIVO
DE REALIZACIÓN	Nº de persoas que reciben información sobre autoemprego	120
	Nº de microcréditos solicitados	15
DE RESULTADO	Nº de microcréditos concedidos	8

CALENDARIO DE EXECUCIÓN	
DURACIÓN TOTAL	DATA DE INCIO PREVISTA: xaneiro de 2010
	DATA FINALIZACIÓN PREVISTA: decembro de 2010

PE-5	Recoñecemento das empresas colaboradoras na inserción social
GRUPO DE TRABAJO	PROMOCIÓN ECONÓMICA

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN
OBXECTIVO XERAL
<p>Crear un “premio” ou “recoñecemento” que visibilice a responsabilidade social do tecido empresarial nos procesos de inserción laboral de persoas con dificultades asociadas para a súa incorporación ao mercado de traballo, contribuíndo así a xerar un clima de corresponsabilidade entre o tecido productivo e a resolución das situacións de exclusión social.</p>
PÚBLICO OBXECTIVO
<p>Entidades e empresas, tanto públicas coma privadas, que faciliten prácticas profesionais e contraten a persoas pertencentes a colectivos en situación de exclusión social.</p>
CONTIDOS E METODOLOXÍA
<p>O benestar e o progreso social esixe a cooperación entre todos os axentes sociais-públicos e privados- e o tecido empresarial. Neste senso, expónse a Rede como mecanismo de mediación para o desenvolvemento desa cooperación.</p> <p>Nas Mesas Técnicas establecerase un sistema de indicadores que permitirá avaliar en que medida unha empresa ou entidade contribúe á mellora nos niveis de benestar social, analizando elementos como a calidade das súas relacións laborais, a contratación de persoas desfavorecidas ou en risco de exclusión social, a adopción de medidas de conciliación da vida familiar e laboral, a contribución á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, a colaboración con Iniciativas de Acción Social. En xeral, a súa contribución a mellorar as condicións sociais das persoas menos favorecidas dende o punto de vista económico, social e laboral.</p> <p>Estes indicadores serán postos en común e analizados por unha Comisión de Valoración que terá definido un regulamento propio para a concesión do “premio, distintivo ou recoñecemento” coa forma que se acorde.</p> <p>Disporase dun catálogo que permitirá visibilizar o esforzo das organizacións que prestan os seus servizos dunha maneira “Responsable coa Inserción Social” (RIS) que se publicará na Intranet/extranet da Rede, contribuíndo á mellora da súa imaxe corporativa, á súa promoción a través de marketing social, á redución dos custos laborais beneficiándose de incentivos á contratación, etc.</p>

INDICADORES	VALOR OBXECTIVO	
DE REALIZACIÓN	Deseño da metodoloxía para a concesión de premios. Regulamento. Definición de indicadores de medida da mellora do benestar social.	
	Nº de empresas e entidades que optan ao “premio” ou “recoñecemento”	20
DE RESULTADO	Nº de “premios” concedidos	10
	Catálogo de Organizacións “Responsables coa Inserción Social”	

CALENDARIO DE EXECUCIÓN	
DURACIÓN TOTAL	DATA DE INCIO PREVISTA: xaneiro de 2010
	DATA FINALIZACIÓN PREVISTA: decembro de 2010

GRUPO DE BB.PP., AVALIACIÓN E SUSTENTABILIDADE

ENTIDADES

1. Confederación de Empresarios de La Coruña
2. Ecos do Sur
3. *Federación de Autónomos de Galicia*
4. Fundación Mujeres
5. Servizo Municipal de Emprego
6. Sindicatos (UGT,CC.OO,CIG)

COD.

ACCIÓNS

- | | |
|-------------|--|
| BP-1 | "Banco de Boas Prácticas", propostas de transferencia e Manual de Boas Prácticas da Rede |
| BP-2 | Proceso de mellora continua |
| BP-3 | Incorporación da perspectiva de xénero no Pacto Local polo Emprego |
| BP-4 | Axencia de Desenvolvemento Local |

BP-1	Banco de Boas Prácticas, propostas de transferencia e Manual de Boas Prácticas da Rede
GRUPO DE TRABAJO	BB.PP., AVALIACIÓN E SUSTENTABILIDADE

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN
OBXECTIVO XERAL
Recoñecer e poñer en valor aquelas metodoloxías, accións e/ou resultados exitosos, obtidos no ámbito das políticas activas de emprego, levadas a cabo no concello da Coruña.
PÚBLICO OBXECTIVO
Administración Pública, axentes sociais, entidades e institucións vinculadas ao emprego, á formación, á promoción económica e á igualdade de oportunidades.
CONTIDOS E METODOLOXÍA
<p>O Banco de Boas Prácticas, aloxarase na intranet/extranet que se deseñará especificamente para a Rede, facilitando así o acceso a estas experiencias.</p> <p>A metodoloxía de traballo implica a participación de todas as entidades da Rede como facilitadoras de información.</p> <p>O cuestionario empregado para a recollida de información no <i>Estudo da Situación dos Servizos de Apoio á Busca de Emprego</i> na cidade, dará a primeira información sobre a existencia de boas prácticas. Posteriormente, seleccionaranse as experiencias susceptibles de incluír no Banco, que deberá ser un espazo “vivo”, actualizado e aberto ás melloras que as entidades queiran incorporar.</p> <p>Para promover a transferencia das boas prácticas seleccionadas como mellores actuacións ou metodoloxías, ademais da difusión a través do Banco, prevese a realización de mesas redondas nas que participarán persoas con capacidade de decisión sobre políticas de emprego da Xunta de Galicia, así como a edición dun Manual que recolla as boas prácticas incluídas no Banco e os resultados obtidos da posta en marcha dos mecanismos de transferencia.</p>

INDICADORES		VALOR OBXECTIVO
DE REALIZACIÓN	Entidades participantes	20
DE RESULTADO	Nº de boas prácticas	10
	Manual de Boas Prácticas	1

CALENDARIO DE EXECUCIÓN	
DURACIÓN TOTAL	DATA DE INICIO PREVISTA: xaneiro de 2010
	DATA FINALIZACIÓN PREVISTA: decembro de 2010

BP-2	Proceso de mellora continua
GRUPO DE TRABAJO	BB.PP, AVALIACIÓN E SUSTENTABILIDADE

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN
OBXECTIVO XERAL
Avaliar o grao de satisfacción das entidades da Rede acadado a través do traballo conxunto, e incorporar medidas de mellora nos procedementos, metodoloxías e accións expostas no marco do Pacto Local polo Emprego.
PÚBLICO OBXECTIVO
Entidades da Rede.
CONTIDOS E METODOLOXÍA
<p>O proceso de mellora continua basearase en dous aspectos fundamentais:</p> <p>Análise da satisfacción das entidades da Rede. Trátase de medir a satisfacción en relación cos servizos e accións desenvolvidas pola Rede no marco do Pacto Local polo Emprego, e analizar o valor engadido que supón a participación para cada unha das entidades.</p> <p>Deseñárase un cuestionario para a toma de datos, e realizarase unha análise da satisfacción cunha periodicidade semestral. Unha vez analizados os resultados, as conclusións da análise presentárase nun informe de satisfacción que se distribuirá entre as entidades da Rede, e servirá de base para a posible adopción de medidas de mellora.</p> <p>As medidas de mellora estableceranse por consenso, e poden supoñer modificacións nos procedementos de funcionamento da Rede, no Programa de Acción, na configuración dos Grupos de Traballo, etc.</p> <p>Análise de procedementos e protocolos para a mellora dos servizos de emprego. Para o que se partirá das seguintes fontes de información:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Estudo sobre a situación dos Servizos de Apoio á Busca de Emprego. - Manual de procedementos e protocolos de actuación dos Itinerarios Integrados de Inserción do proxecto Rede Coruña Emprega. - Outros procedementos e protocolos empregados polas entidades da Rede. <p>Visibilizarase a vantaxe que supón para as entidades contar con actuacións e servizos prototipados, e identificarase que procesos poden ser estandarizados, contribuíndo así á mellora continua.</p> <p>Unha vez realizada a análise dos resultados, a información estará a disposición das entidades na intranet/extranet da Rede.</p>

INDICADORES		VALOR OBXECTIVO
DE REALIZACIÓN	Toma de datos	1/semestral
DE RESULTADO	Informes de satisfacción Informe sobre a análise Procedementos	1/semestral 1

CALENDARIO DE EXECUCIÓN	
DURACIÓN TOTAL	DATA DE INCIO PREVISTA: xaneiro de 2010
	DATA FINALIZACIÓN PREVISTA: --

BP-3	Incorporación da perspectiva de xénero no Pacto Local polo Emprego
GRUPO DE TRABAJO	BB.PP., AVALIACIÓN E SUSTENTABILIDADE

DESCRIPCIÓN DÁ ACCIÓN
OBXECTIVO XERAL
Reforzar o principio de Igualdade de Oportunidades na xestión das entidades que forman parte da Rede e incorporar a perspectiva de xénero ao Programa de Acción.
PÚBLICO OBXECTIVO
Entidades da Rede de Apoio.
CONTIDOS E METODOLOXÍA
<p>A perspectiva de xénero deberá manterse en todas e cada unha dunha das fases e accións do Pacto Local, dende o deseño, ata o desenvolvemento e a posterior avaliación.</p> <p>O Pacto Local polo Emprego asume entre os seus obxectivos e liñas de actuación o fomento da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, polo que a súa metodoloxía deberá ter en conta os seguintes principios rectores:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Transversalidade, que implica incorporar a perspectiva de xénero en todas as actuacións do Pacto, partindo do compromiso de todas as entidades e profesionais que participan neste. - Corresponsabilidade social para a conciliación, a través do impulso de cambios no ámbito publico/privado, no mercado laboral, nos servizos e no resto das estruturas sociais que posibiliten que homes e mulleres compartan espazos, decisións e responsabilidades familiares, profesionais e económicas. - Eliminación dos estereotipos e roles de xénero. <p>Incorporarase a perspectiva de xénero en todos os materiais e ferramentas que se deseñen, farase uso dunha linguaxe non sexista, estableceranse indicadores de xénero nas distintas actuacións, recollerase toda a información desagregada por sexo, e asegurarse unha presenza equitativa de mulleres e homes nos espazos de toma de decisións.</p>

INDICADORES	VALOR OBXECTIVO
DE REALIZACIÓN Información desagregada por sexo Indicadores cuantitativos e cualitativos Identificación de factores de discriminación Accións de discriminación positiva Formación en Igualdade Participantes especialistas	
DE RESULTADO	Avaliación do impacto de xénero

CALENDARIO DE EXECUCIÓN	
DURACIÓN TOTAL	DATA DE INICIO PREVISTA: setembro 09
	DATA FINALIZACIÓN PREVISTA: --

BP-4	Axencia de Desenvolvemento Local
GRUPO DE TRABAJO	BB.PP., AVALIACIÓN E SUSTENTABILIDADE

DESCRIPCIÓN DA ACCIÓN
OBXECTIVO XERAL
A autosustentabilidade da Rede e do Pacto Local polo Emprego.
PÚBLICO OBXECTIVO
Entidades da Rede que subscriban o Pacto Local polo Emprego.
CONTIDOS E METODOLOXÍA
<p>A necesaria continuidade no tempo do traballo coordinado entre as entidades que subscriban o Pacto Local polo Emprego, lévanos a expor a necesidade de crear unha Axencia de Desenvolvemento Local, participada por todas as entidades da Rede que poidan dedicar esforzos a “ordenar” e/ou “unificar” as políticas activas de emprego e traballar nas seguintes accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ordenamento da formación ocupacional e de activos que se desenvolva na cidade e no seu contorno, co obxecto de evitar duplicidades. As entidades que desenvolven esta formación son, basicamente, as que forman a Rede de Apoio. - Coordinación das accións que se dirixen ao mundo empresarial, á promoción económica, ao emprego, ao comercio, etc. - Creación de Redes Comunitarias de Apoio á Conciliación no marco da ‘Lei de Igualdade no Traballo das Mulleres de Galicia’. - Deseño, execución, seguimento e avaliación de novos Programas de Acción no marco do Pacto Local polo Emprego. - Potenciación do Observatorio de emprego e desenvolvemento local como instrumento para o desenvolvemento de accións que favorezan o emprego. - Promoción de Plans de Igualdade entre as Entidades que forman parte da Rede. - Intercambio de experiencias e actuacións en políticas activas de emprego e outras relacionadas coa igualdade de oportunidades, a través da dinamización e organización de encontros específicos. - Busca de fontes de financiamento e visibilidade da Axencia como modelo válido de participación cidadá na Coruña. <p>Crearase un Comité de Impulso que acompañe o proceso de constitución e posta en marcha da Axencia, identificando fontes de financiamento e propostas innovadoras co fin de fortalecer as capacidades locais. Ademais, definirase a estrutura organizativa e de funcionamento, que deberá ser autosustentable e contar cos recursos necesarios para cumprir o seu obxectivo.</p>

INDICADORES		VALOR OBXECTIVO
DE REALIZACIÓN	Creación do Comité de Impulso Definición da estrutura organizativa	
DE RESULTADO	Creación da Axencia	

CALENDARIO DE EXECUCIÓN	
DURACIÓN TOTAL	DATA DE INCIO PREVISTA: --
	DATA FINALIZACIÓN PREVISTA: --

